

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 3º ESO
MATERIA: Educación Física
DEPARTAMENTO: Educación Física
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª avaliación	
B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. CMCCT, CSC
	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual. CSC
	EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades. CSC
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. CCL, CD
	EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa educación física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. CCL, CD
B2.1. Interpretar e producir acción motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	EFB2.1.2. Crea e pon en práctica una secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado. CCEC
B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde. CMCCT
	EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva. CMCCT
	EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte as

	prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. CMCCT
B3.2. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.	EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. CAA
	EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física acordes a o seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. CAA
2ª avaliación	
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas. CAA, CSIEE
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación. CAA, CSIEE
	EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades. CAA, CSIEE
B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas. CAA, CSIEE
	EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración oposición seleccionadas. CAA, CSIEE
	EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. CAA, CSIEE

3ª avaliación

**B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e rítmico expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

**EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. CSC, CSIEE

B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.

*EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas. CAA, CSIEE

*EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación. CAA, CSIEE

*EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades. CAA, CSIEE

B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

*EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas. CAA, CSIEE

*EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración oposición seleccionadas. CAA, CSIEE

*EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. CAA, CSIEE

* Estes estándares trabállanse ao longo do todo o curso a través de distintos deportes, polo que consideramos, que aínda que non se impartiron os deportes previstos para a 3ª avaliación, os estándares si que se traballaron.

** Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe que non foi posible traballar.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Distintas actividades teóricas e prácticas sobre os contidos impartidos.
	Instrumentos: Exposicións orais ou escritas e retos prácticos.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética das dúas primeiras Avaliacións. - Sumarase a esa media ata 1 punto pola entrega de todas as actividades, que deben ser presentados de forma correcta e completa. 0 puntos se non houbo participación. - Obterá o aprobado o alumnado que acade como mínimo un 5 na nota final. - No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria, este alumnado terá a oportunidade de facer unha proba escrita extraordinaria no mes de setembro e de ser posible unhas probas prácticas.
Proba extraordinaria de setembro	Avaliarase ao alumnado sobre os contidos traballados na 1ª e na 2ª avaliación durante o tempo de clases presenciais.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados na 1ª avaliación: presentar un vídeo de duración aproximada 5 minutos de forza-resistencia similar ao modelo que se lles enviou ao correo. - Actividades de recuperación: o alumnado con avaliacións suspensas deberá facer un esquema/resumo oral ou escrito dos seguintes temas: Condición física e saúde, A resistencia e a flexibilidade. <p>O esquema/resumo deberán estar ben feito e completo para poder dar a avaliación por recuperada. De ser así, terase en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Os traballos a realizar preséntase a través do correo @telleiras.org. - O alumnado poderá resolver posibles dúbidas a través do correo electrónico. - Cando se suspenderon as clases presenciais, nun primeiro momento, había algún alumno/a non conectado, pero isto xa se solucionou de modo que a día de hoxe xa non hai alumnado sen conectividade.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Na páxina web do IES As Telleiras están os documentos necesarios e enlaces a outros recursos que o alumnado debe consultar para realizar as actividades propostas.</p> <p>A través do correo @telleiras.org se manterá o contacto do alumnado co profesor.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Os contidos para consultar atópanse na páxina web do IES As Telleiras, no Departamento de Educación Física, Materiais didácticos.- Información a través de mensaxes por Abalar ás familias.- Información ao alumnado a través do correo @telleiras.org.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.